

SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE AGOSTO DE DOUS MIL DOCE.

No Concello de Láncara, sendo as doce horas do día vinte e nove de agosto de dous mil doce, reúnese no Salón de Sesiós o Concello Pleno, para tratar dos asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia do Sr. Concelleiros: D. Ricardo Núñez Valcárcel, D. José Manuel Neira Castro, , D. José Manuel Alvarez Rodríguez, D. Carlos Fernández Díaz, D. Dario Antonio Piñeiro López ,D. Pablo Rivera Capón , D. Oscar Rodríguez Somoza, D. José Manuel García Aldegunde e D. Carlos Santiago López Sierra.

Xustifica a súa ausencia o Concelleiro D. Andres Manuel Caballero López.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa de Secretario en funcións D. Gerardo Sobrado Ventosinos.

Aberto o acto pola Presidencia, dase conta dos seguintes asuntos:

1º.-LECTURA E APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS O DÍA VINTE E SETE DE XUÑO E SETE DE AGOSTO DE DOUS MIL DOCE.

2º.-DECRETOS Nº 124 a 172.

3º.-COMUNICACIÓN DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA (AMTEGA), SOBRE AUDIENCIA DO PLAN SETORIAL DE IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS DE ADMINISTRACIÓN XERAL DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DE GALICIA XESTIONADAS POR RETEGAL.

4º.-ESCRITO DA DEPUTACIÓN DE LUGO, SERVIZO DE NOVAS TECNOLOXIAS E TIC, SOBRE INTERNET RURAL: PUNTOS DE ACCESO PÚBLICO A INTERNET.

5º.- APROBACIÓN CONTA XERAL ANO 2011.

6º.-PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL,, DOCUMENTACIÓN REQUERIDA O EQUIPO REDACTOR PARA APROBACIÓN DEFINITIVA.

7º.-REAL DECRETO-LEI 20/2012, DE 13 DE XULLO, DE MEDIDAS PARA GARANTIZAR A ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA E DE FOMENTO DA COMPETITIVADE.

8º.-ESCRITO DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, SOLICITANDO SINALAR AS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2013.

9º.-ROGOS E PREGUNTAS.

1º.-LECTURA E APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS O DÍA VINTE E SETE DE XUÑO E SETE DE AGOSTO DE DOUS MIL DOCE.

Vistos os borradores das sesións celebradas os días vinte e sete de xuño e sete de agosto, estes foron aprobados por unanimidade de tódolos asistentes.

2º.-DECRETOS Nº 124 a 172.

Vistos os decretos Nº 124 ó 172, ambos inclusive.

O Pleno dase por enterado do contido dos mesmos.

3º.-COMUNICACIÓN DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA (AMTEGA), SOBRE AUDIENCIA DO PLAN SETORIAL DE IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS INFRAESTRUTURAS DE ADMINISTRACIÓN XERAL DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DE GALICIA XESTIONADAS POR RETEGAL.

Visto o escrito remitido pola Xunta de Galicia, Axencia para a modernización Tecnolóxica de Galicia, sobre Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia xestionadas por Retegal.

O Pleno dase por enterado do mesmo e pon toda a documentación a disposición dos veciños que o interesen e acorda facilitar un soporte dixital aos grupos do PSG-PSOE e do BNG de Láncara.

4º.-ESCRITO DA DEPUTACIÓN DE LUGO, SERVIZO DE NOVAS TECNOLOXIAS E TIC, SOBRE INTERNET RURAL: PUNTOS DE ACCESO PÚBLICO A INTERNET.

Visto o escrito da Deputación de Lugo Servizo de Novas Tecnoloxías e Tic, polo que pon de manifesto que a finais do mes de agosto remata con carácter definitivo a prestación dos servizos de conectividade, soporte e mantemento a tódolos telecentro da provincia.

Toma a palabra o Concelleiro D. Pablo Rivera Capón expoñendo que segundo expresa no escrito, remitido por él mesmo dende a da Deputación Provincial, nestes intres é inviable o sistema actual para poder prestar servizos de conectividade, soporte e mantemento aos telecentros da provincia, entre os que se encontra os deste Concello de Láncara (Biblioteca e Escola de Láncara), dado que son medidas levadas a cabo para o aforro de custos globais, pero por outra banda a propia Deputación está suministrando os Concello acceso a Internet dun xeito gratuito mediante o programa “Innovate” que non se tardará en poñerse novos modelos para a implantación de ferramentas no medio rural.

Polo Sr. Alcalde manifesta que era un servizo moi útil para os Concello, dado que supoñía un aforro considerable que ó suprimirse terá que ser custeado polas Administracións Locais e que insta a ó Organismo Provincial que faga todo o posible para poder voltar a poñelo en marcha.

De todo esto a Corporación Municipal quedou enterada.

5º.- APROBACIÓN CONTA XERAL ANO 2011.

Visto o expediente correspondente á conta xeral do exercicio 2011.

Visto que se respetaron tódolos prazos e formalidades, tanto no referente a informes como ás exposicións públicas.

Visto o informe da Comisión Especial de Contas, en sentido favorable, ó votar a favor 6 dos 11 Concelleiros, en votación ponderada, así como a exposición ó publico do edicto no B.O. da provincia nº 153 de data 4 de xullo de 2012 e no taboleiro de anuncios do Concello.

Visto que durante a exposición ao público que rematou o día 21 de xullo de 2012, non se formularon alegacións ou reclamacións contra a Conta Xeral do Presuposto, correspondente o exercicio 2011.

Por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López fai constar que o seu grupo vaise abster e que así xa o fixo na Comisión de Contas, en base a que hai que tomar medidas en relación aos gastos, xa que na execución do exercicio 2011 gastouse máis do que se ingresou e de seguir con este mesmo sistema en pouco tempo vai estar moi o Concello vai estar moi endebedado, e de feito xa o está, tendo enconta que recentemente se concertaron dous préstamos con cantidades elevadas.

Por parte do Concelleiro D. Carlos López Sierra manifesta que se vai abster por coherencia, por non ter capacidade de control dentro das contas do Concello.

O Sr. Alcalde manifesta que se fixeron estrictamente os gastos necesarios e imprescindible e que neste exercicio xa se esta levando a rexatabla o Plan de Axuste aprobado e considera que o balance económico está totalmente controlado.

Sometida a Conta Xeral 2011 a votación, o Pleno por maioría absoluta co voto a favor dos cinco representantes do Partido Popular e un do CDL e coa abstención dos 4 Concelleiros do P.S.G.-P.S.O.E. e 1 do B.N.G.

ACORDOU:

1º.- Prestar aprobación á Conta Xeral do Presuposto da que se obtén a seguinte liquidación:

EXPRESION	EUROS
1.(+)FONDOS LIQUIDOS	382.492,96
2.(+)DERECHOS PENDIENTES DE COBRO	730.861,09
- De Orzamento Corrente	388.215,63
- De Orzamento Pechado	337.937,04
- De Outras operacións non Orzamentarias:	4.708,42
-(-)cobros realizados ptes. Aplicación definitiva	00,00
3.(-)OBLIGACIONES PTES. DE PAGO A 31/12	583.217,05
- De Orzamento Corrente	255.497,96
- De Orzamento Pechados	250.187,17
- De Outras operacións no Orzamentarias	77.532,02
- (-) Pagos realizados pendentes aplicación definitiva	00,00
4.- REMANENTE DE TESOURERIA AFECTADO A GASTOS CON FINANCIACION AFECTADA	87.010,00
--- Saldos de dudoso cobro	82.366,62

---	Exceso de Financiación afectada	54.690,61
5.-	REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS	393.079,77
6.-	REMANENTE DE CREDITO INCORPORABLES	162.526,09
7.-	REMANENTE LIBRE PARA GASTOS GENERALES	230.553,68

2º.- Remitir a Contra Xeral ó Consello de Contas e o Tribunal de Contas con carácter urxente.

3º.- Facultar ao Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

6º.-PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, DOCUMENTACIÓN REQUERIDA O EQUIPO REDACTOR PARA APROBACIÓN DEFINITIVA.

Visto o escrito de data 29 de marzo de 2012, remitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, no que solicita unha serie de documentación para unir ao expediente de aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), ó detectar deficiencias.

Visto que éstas son dunha parte administrativas, que xa foron subsanadas e remitidas a Secretaría Xeral con data 16 de agosto de 2012.

E as outras son deficiencias ou documentación que o equipo redactor debe subsanar ou aportar no seu caso.

Visto que se lle fixo chegar os redactores copia do escrito da Secretaría Xeral e posteriormente presentou neste Concello a subsanación e nova documentación ao respecto, da que damos conta nesta sesión.

O Pleno por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Informa favorablemente tódolos documentos achegados e subsanacións realizadas polo equipo redactor do PXOM por axustarse ao que se solicita dende a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

2º.-Remitir certificación deste acordo a dito organismo xunto con toda a documentación aprobada para a súa incorporación ó expediente de aprobación definitiva.

3º.-Encarecer a Secretaría Xeral que é moi urxente a aprobación definitiva do Plan, dado que é un documento que se comenzo a redactar fai uns dez anos, e de non ser aprobado de forma inmediata, prexudicariábase ostensiblemente os intereses do Concello así como os de tódolos seus veciños.

4º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

7º.-REAL DECRETO-LEI 20/2012, DE 13 DE XULLO, DE MEDIDAS PARA GARANTIZAR A ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA E DE FOMENTO DA COMPETITIVADE.

Visto o Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, publicado no B.O.E nº 168 de data 14-07-2012, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria e de fomento da competitividade.

O Pleno dase por enterado do mesmo e acordase remitir unha fotocopia a cada grupo político.

8º.- ESCRITO DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR, SOLICITANDO SINALAR AS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2013.

Visto o escrito da Consellería de Traballo e Benestar, rexistrado de entrada nes Concello o día 17 de agosto de 2012, polo que solicita que antes do próximo 30 de setembro se designen as festas locais para o Término Municipal de Láncara.

Visto que en anos pasados as festas locais eran martes de entroido e luns de San Roque.

Visto que polo grupo Municipal do BNG fai unha proposta para que as festas locais sexan o luns de San Roque e o primeiro luns de setembro, festa do Carmen.

Visto que a proposta do equipo de goberno (P.P. e CDL) e para que sexan o 12 de febreiro martes de entroido e 19 de agosto luns de San Roque.

Sometido este asunto a votación,

O Pleno por maioría, e co voto en contra do (PSG-PSOE e BNG)

ACORDOU:

1º.- Propoñer como días festivos en todo o término municipal:

O martes de entroido que coincide para o ano 2013 o día 12 de febreiro

O 19 de agosto, luns de San Roque en todo o Término Municipal

2º.- Remitir certificación deste acordo a Delegación Territorial de Lugo, Xefatura Territorial de Traballo e Benestar.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

Por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López, roga:

Que se remita os portavoces de tódolos grupos políticos un informe trimestral do plan de estabilidade presupostaria.

Tamen roga que dado que próximamente vai haber eleccións ó Parlamento Galego que o candidato do partido P.P. D. Alberto Núñez Feijó se absteña de vir este Concello porque xa noutras ocasións así o fixo prometendo a execución da estrada Pobra a Láncara e ata a data de hoxe non se realizou dita promesa. Non obstante debería vir moito máis a este Concello como Presidente da Xunta de Galicia, para dar boas novas de obras a realizar e deste xeito sería benvido ao Concello.

Por parte do Concelleiro D. Carlos S. López Sierra, roga:

Como xa ten feito noutros Plenos e noutras ocasións se fagan as xestións oportunas para a sinalización da área recreativa de Láncara e da Ponte de Carracedo e que tamen se fagan as xestións para colocar novamento o sinal na estrada que vai de Carracedo a Corvelle, xa que foi arrancada recentemente.

PREGUNTAS:

Por parte do Concelleiro D. Dario A. Piñeiro López, pregunta ¿en relación a un gasto aprobado pola Xunta de Goberno Local, sobre unha avaría nos motores de bombeo de auga potable, ocasionado por un apagón eléctrico, se lle explicase porque a metade do gastos correría a cargo da empresa Electrica Valdriz e a outra metade a cargo do Concello?.

Por parte do Sr. Alcalde contetaselle que éste sería o mellor xeito para que o Concello saíse beneficiado, debido a que e moi difícil demostrar que a avaría se debeu única e exclusivamente a un apagón eléctrico.

Polo mesmo Concelleiro tamen se lle pregunta ó Sr. alcalde ¿se por parte do grupo municipal do partido Popular en Láncara se van a seguir as directrices de dito partido en relación ó cobro por parte de cargos públicos no que se refire a paga extraordinaria de Nadal?

Respostalle o Sr. Alcalde que esta é unha decisión persoal dos dous Concelleiros que teñen dita paga equi en Láncara, e que en ningún caso os vai presionar para que renuncien a ela, polo tanto será unha decisión persoal que teñen que tomar.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo as trece horas cincuenta minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.